



## **REGULAMENTO DA PROBA DEPORTIVA ANDAINA E TRAIL SAUDABLE DO OUTONO 2024**

**1. DATA:** domingo 27 de outubro de 2024.

**2. ORGANIZA:** Concello de Piñor.

**3. INFORMACIÓN DAS PROBAS:**

O Concello de Piñor conta cun entorno paisaxístico e cultural singular polo que para promocionalo e fomentar estilos de vida saudable organiza as seguintes probas:

**A. TRAIL: 14 KM**

- LUGAR DE SAÍDA E META: CAMPO DA FESTA ARENTEIRO.

- SAÍDA TRAIL: 11:00 horas.

- DIFICULTADE: media

- CATEGORÍAS:

- VM1Veteranos I, dende 1978 e anteriores.
- VF1Veteranas I, dende 1978 e anteriores.
- SM Sénior masculino, dende o 2000 ata 1979.
- SF Sénior feminina, dende 2000 ata 1979.
- 3 General masculino e feminino.
- 3 Local masculino e feminino.

**B. ANDAINA: 14 KM**

- LUGAR DE SAIDA E META: CAMPO DA FESTA ARENTEIRO.

- SAIDA ANDAINA: 10:00 horas.

- DIFICULTADE: media.

Será de velocidade libre pero existen horas de corte.



A ruta da andaina e do trail é circular, con saída e chegada no pobo de Arenteiro, no Campo da Festa.

O percorrido pasa polos núcleos rurais de Arenteiriño, Albarona, Piñor e Barrán, amosa un gran valor paisaxístico e etnográfico do Concello, pasando polas ribeiras do Río Arenteiro, destacando a súa ferverza chamada Ferverza do Peilán, e de seguido a Fábrica de Papel de Lousado.

#### **4. PARTICIPACIÓN.**

Andaina: poderán participar maiores de idade e os menores acompañados de un adulto.

Trail: poderán participar maiores de 16 anos. (Os participantes menores de 18 anos con autorización).

#### **5. INSCRICIÓN.**

As inscricións para participar na Andaina e no Trail realizaránse en:

- ▶ <https://sportmaniacs.com>
- ▶ **APP Saudeter Live**

PRAZO: ata as **23:59 do mércores 23 de outubro** de 2024.

\* Non se admitirá participación e inscrición fóra de prazo baixo ningún concepto.

As prazas para o desenvolvemento das probas deportivas son **LIMITADAS**.

#### **6. CUSTE DA INSCRICIÓN**

⇒ TRAIL: 10,00 €

⇒ ANDAINA: 8,00 €

*Todos /as os/as participantes recibirán un agasallo conmemorativo da proba.*



## **7. RECOLLIDA DE DORSAIS E DUCHAS**

Os dorsais recolleranse a partir das **9:00 h** do domingo 27 de outubro no lugar de saída das probas no Campo da Festa Arenteiro.

As duchas estarán situadas no Centro Cultural do Arenteiro, a poucos metros da saída da proba.

## **8. PREMIOS.**

- ◆ Premio para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría do trail.
- ◆ Haberá agasallos sorpresa para os participantes da andaina.

\* Os premios non serán acumulativos, no caso de dúbida poderase pedir o track gps por parte da organización.

\* NON HABERÁ PREMIOS ECONÓMICOS.

## **7. SINALIZACIÓN E CONTROIS**

O percorrido estará sinalizado con postes de madeira, carteis informativos, cintas e marcas. Ademais nos puntos máis conflictivos haberá persoal de Protección Civil e da organización.

## **8. SERVIZOS MÉDICOS**

A organización contará con servizo médico e ambulancia dende antes do inicio e ata finalizar a proba deportiva. Tamén contará con persoal de Protección Civil.

## **9. SEGURO.**

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e de accidentes deportivos.

## **10. INDICACIÓNS DE INTERESE XERAL.**



- Respetar o entorno natural e non deixar os residuos tirados, depositalos nas zonas habilitadas.
- Zona de aparcamento ampla no lugar de saída da proba.

#### **11. OUTRAS CONSIDERACIÓNS.**

- A organización reservase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas obrigan ou por forza maior.
- Por o feito de tomala saída, todos/as os/as participantes/as aceptan o presente regulamento.

*Documento asinado electrónicamente á marxe*